

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE LOUSADA
CURSO: SEXTO
MATERIA: MATEMÁTICAS

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables	MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada
B3.2. Operar con diferentes medidas	MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.
B3.5. Coñecer o sistema sesaxesimal para realizar cálculos con medidas angulares	MTB3.5.1. Resolve problemas realizando cálculos con medidas angulares.
B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas	MTB3.6.1. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.
B4.1. Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.	MTB4.1.1. Identifica e representa posicións relativas de rectas e circunferencias. MTB4.1.2. Identifica e representa ángulos en diferentes posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice...
GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	
1. Realiza medicións na unidade máis axeitada.	
2. É quen de estimar lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes.	
3. Sabe realizar operacións coas diferentes magnitudes empregando as unidades máis axeitadas.	
4. Sabe calcular a lonxitude e a área da circunferencia e do círculo coñecendo o seu diámetro ou radio.	
5. Identifica situacións da vida real na que empregan as diferentes magnitudes de medida e resolve problemas con elas.	
6. Emprega as novas tecnoloxías para desenvolver o seu traballo diario.	

2. Avaliación e cualificación		
	Procedemento	Instrumentos de avaliación
Avaliación	Probas escritas	<ul style="list-style-type: none"> • Resolución de exercicios • Resolución de casos prácticos • Realización de fichas • Resposta a preguntas ou cuestións • Tests
	Probas orais	<ul style="list-style-type: none"> • Exposición dun tema • Resposta a preguntas • Lectura expresiva
	Traballos individuais e traballos en grupo	<ul style="list-style-type: none"> • Traballos de investigacións • Presentacións • Debates
Cualificación 3ª Avaliación	<p>1. Observación e análise de tarefas desenvoltas (70% da cualificación)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Observación (20% da cualificación neste apartado) • Traballo individual (30% da cualificación neste apartado) • Traballo en grupo (20% da cualificación neste apartado) <p>2. Probas escritas e orais (30% da cualificación)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Probas escritas (15% da cualificación neste apartado) • Probas orais (15% da cualificación neste apartado) 	
Cualificación final	Primeira avaliación: 40% Segunda avaliación: 40% Terceira avaliación: 20%	

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>B3.1. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.</p> <p>B3.2. Realización de medicións. B3.3. Estimación de lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos; elección da unidade e dos instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida.</p> <p>B3.6. Comparación de superficies de figuras planas por superposición, descomposición e medición.</p> <p>B3.7. Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume.</p> <p>B4.1. Posicións relativas de rectas e circunferencias.</p> <p>B4.2. Ángulos en distintas posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice.</p> <p>B4.9. A circunferencia e o círculo. Elementos básicos: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.</p> <p>B1.5. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Con conectividade:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Realización de tarefas en E-Dixgal - Videoconferencia para resolución de dúbidas, correccións e pauta do traballo diario. - Manexo doutras ferramentas informáticas. <p>Sen conectividade:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Fichas de repaso, reforzo e empliación - Traballo no caderno.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> - E-Dixgal, Videoconferencia Webex, correo electrónico, aula virtual na web, do centro, material impreso, libros de texto.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>E-Dixgal</p> <p>Abalar Móbil</p> <p>Teléfono Móbil</p> <ul style="list-style-type: none"> -Correo corporativo - Videoconferencia Webex
Publicidade	<p>Publicación na páxina web do centro.</p>